

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

3242 Orde ARM/405/2009, do 18 de febreiro, pola que se modifica o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, establece as diferentes especies de leguminosas incluídas no seu ámbito de aplicación. Así mesmo, no citado regulamento, detállanse os requisitos necesarios para a produción e certificación de sementes das citadas especies.

A Directiva 66/401/CE, relativa á comercialización das sementes de plantas forraxeiras, foi modificada pola Directiva 2007/72 CE para incluír a especie galega forraxeira (*Galega orientalis* Lam), o que fai necesaria a inclusión desta especie na nosa regulamentación interna.

Por conseguinte, é necesaria a inclusión da especie mencionada no Regulamento, técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986 e modificado por última vez pola Orde APA/4461/2004, do 30 de decembro, nos termos seguintes:

Un. Inclúese no punto I.1.b, na orde alfabética correspondente, a seguinte especie:

«*Galega orientalis* Lam» Galega forraxeira.

Dous. Inclúese no punto II.2.b, na orde alfabética correspondente, a seguinte especie:

«*Galega orientalis* Lam»

Tres. No cadro do punto IV.2.3 «Illamentos mínimos» engádese, ás especies que figuran na liña superior, a especie «galega».

Catro. No cadro do punto IV.2.4.2 «Tolerancia de plantas doutras especies e outras variedades botánicas nos cultivos portagrás (máximo por área)», engádese ás especies que figuran na terceira, liña despois de *Medicago* sp, a seguinte:

«e *Galega* sp».

Cinco. Inclúese na segunda parte (leguminosas) do cadro 2A do anexo I, na orde alfabética correspondente, a seguinte especie e inscrición:

«*Galega orientalis* 60(40)/97/2,0 /1,5 /0,3/10(e)/0(1)m».

Seis. Inclúese na segunda parte (leguminosas) do cadro 2B do anexo I, na orde alfabética correspondente, a seguinte especie e inscrición:

«*Galega orientalis* 0,5 /20 /2 /0(e)/(j)».

Sete. Inclúese na segunda parte (leguminosas) do cadro do anexo II, «Peso dos lotes e das mostras», na orde alfabética correspondente, a seguinte especie e inscrición:

«*Galega orientalis*: 10/250 /200».

Disposición derradeira única. Entrada en vigor. A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 18 de febreiro de 2009.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.